




MEDIDAS DE ACTUACIÓN

I Control de Inverno FGA Pista ao Aire Libre 2021 PONTEVEDRA 21/02/2021

A entrada á instalación realizarase polo “Acceso CGTD” mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

O control de acceso establecerase na entrada á instalación (punto vermello no plano). Haberá control de temperatura, sendo imprescindible para poder acceder que a mesma non supere os 37,5°C.



Non será posible circular, en ningún momento, en sentido contrario.

O anel que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación, estando unicamente habilitada a grada principal para o visionado da competición.



Autorizarase o acceso, unicamente, as/os atletas participantes, persoal federativo (organización e xuíces) e adestradores/delegados de club autorizados. Se poderá requirir que se amose o DNI no control de acceso. Prégase que, unha vez rematada a proba, sexa abandonada a instalación.

No relativo os/as adestradores/as ou delegados/as dos clubs con atletas na competición, só poderán acceder á grada aqueles que así o solicitaron no prazo establecido.

Dadas as restricións de circulación polas condicións do Covid-19 o quecemento se realizará no exterior do CGTD.

A cámara de chamadas habilitarase na contra recta, que terá acceso directo dende a rúa José Malvar. É imprescindible, para facer uso deste acceso, levar posta a pulseira facilitada pola organización.

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso á mesma, intre no que deberá entregarse a declaración responsable sen a cal non se autorizará a participación.

É obrigado por todos a utilización da máscara cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.